



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Socioloxía da educación	Código	652G03028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Vázquez Chas, Loreto	Correo electrónico	loreto.vazquez@udc.es	
Profesorado	Eijo Mejuto, Antía González Flores, María Vázquez Chas, Loreto	Correo electrónico	antia.eijo@udc.es maria.gflorez@udc.es loreto.vazquez@udc.es	
Web	www.udc.gal			
Descrición xeral	Nesta materia trátase de concebir a educación como un sistema en si mesmo, coas súas correspondentes partes, elementos, funcións, organización e institucionalización, e que á súa vez forma parte do sistema social en xeral. Con este curso o que se pretende é que o alumnado acade un grao de coñecemento e tamén concienciación e interiorización do proceso conformador da educación como fenómeno sociolóxico, co seu correspondente espazo, papel e funcións nas nosas sociedades. Tamén se trata dunha formación que persegue dotar de habilidades teórico-prácticas ao seu alumnado sobre un ámbito tan importante como a educación, para que a integren tanto a nivel persoal como profesional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título			
		A1	B5	C6
Coñecemento do sistema educativo dentro do sistema social	A2		C7	
	A3		C8	
	A4			
	A5			
	A6			
	A8			
	A14			
	A20			
	Coñecemento e comprensión das funcións sociais da educación.	A1	B1	C6
		A2	B3	C8
A3		B4		
A4				
A5				
A8				
A14				
A20				



Aplicación dos coñecementos manexados á realidade social nas súas diferentes manifestacións, para acadar a perspectiva da mesma desde o ámbito da educación.	A1 A2 A5 A13 A14	B1 B5 B6	C4 C6
Adquisición de ferramentas teóricas e metodolóxicas para a análise da realidade social do sistema educativo	A1 A2 A5 A13 A14	B1 B5 B6	C1 C4 C6 C7
Avaliación do sistema educativo, así como das súas implicacións tanto a nivel social como persoal	A1 A2 A3 A5 A6 A14	B1 B4 B5 B6	C4 C6 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á Socioloxía da Educación	1.1. Definición e obxectivos 1.2. Historia 1.3. As institucións sociais
2. Teorías clásicas, neoclásicas e contemporáneas sobre Socioloxía da Educación	2.1. Os clásicos: Durkheim, Marx, Weber 2.2. Os neoclásicos: Veblen, Gramsci, Manheim, Parsons 2.3. Os contemporáneos: O funcionalismo, o estruturalismo marxista, Nova Socioloxía da Educación
3. Desigualdade, estratificación e reprodución social	3.1. A clase social na aula 3.2. A etnia na aula 3.3. O xénero na aula
4. A vida na aula. A educación como institución social	4.1. Socioloxía do currículo e da organización escolar 4.2. O profesorado como categoría social e axente educativo 4.3. A construción social do alumnado 4.4. Participación das familias e da comunidade
5. A aula na vida. Estado, mercado e sistema educativo	5.1. Políticas educativas 5.2. Vinculación entre educación e emprego 5.3. Educación na globalización

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A8 A20 B3 B4 C6 C7 C8	24	27	51
Traballos tutelados	A2 A3 A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	12	34	46
Lecturas	A1 A2 A8 B1 B5 C4 C6	4	30	34
Presentación oral	A2 A5 B1 B5 B6 C1 C4 C6 C7	2	15	17



Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor. Expón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación.</p> <p>Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo do estudantado.</p> <p>Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratadas.</p> <p>A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi importante e moi valorado.</p> <p>Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo de estudantes (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser máis difíciles de acceder ou de assimilar. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.</p> <p>Ante unha posible situación de excepcionalidade, e nun escenario de non presencialidade, a sesión maxistral convertiríase nunha clase asíncrona gravada en Teams.</p>
Traballos tutelados	<p>Hai dous tipos de traballos tutelados, as prácticas realizadas en clase (de forma individual ou grupal) e un traballo de maior extensión, grupal, sobre un tema sociolóxico (e a súa exposición oral).</p> <p>O traballo grupal está exposto como un traballo de desenvolvemento sobre algún dos temas da materia. Este traballo é a ocasión para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia. Por iso, os temas do traballo debes escollelos vós mesmos e deben estar relacionados preferiblemente con algún tema visto na materia e enfocado desde unha perspectiva sociolóxica.</p> <p>Debe presentarse nun formato científico, tanto no que se refire a forma e tamaño, como en canto á estrutura do texto, a presentación, referencias bibliográficas, etc.</p> <p>Este tipo de traballo inclúe a asistencia a unha tutoría obrigatoria.</p> <p>En caso de non presencialidade, os traballos tutelados realizaríanse do mesmo xeito, realizando titorías telemáticas vía Teams ou correo electrónico.</p>



Lecturas	<p>Nalgúns temas do programa existe un número determinado de lecturas obrigatorias que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia.</p> <p>Ademais, nalgunhas sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates e para saber interpretar resultados cuantitativos e cualitativos.</p> <p>As lecturas e demais materiais estarán sempre dispoñibles en moodle, de xeito que ante unha situación de docencia non presencial, o alumnado poderá seguir desenvolvendo esta metodoloxía dun xeito autónomo.</p>
Presentación oral	<p>O traballo grupal sobre un tema sociolóxico será exposto en clase (tamén de forma grupal) a final de curso.</p> <p>Ante unha situación de excepcionalidade, a presentación oral podería mudar nunha exposición en Teams síncrona ou asíncrona ou, de non ser o caso, ser completada a súa avaliación co informe escrito.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Sesión maxistral</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Presentación oral</p>	<p>A atención personalizada desta asignatura desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa miña presenza no aula durante as sesións en grupos reducidos e, ademais, poderedes programar as tutorías presenciales que consideredes necesarias no horario que comunicarei ao comezo de curso. Hai unha tutoría presencial obrigatoria para preparar o traballo grupal. Tamén estarei dispoñible de forma non presencial preferiblemente a través do correo electrónico (e tamén a través da plataforma Moodle).</p> <p>O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (quenes non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto co profesor ao comezo do curso e terán que asistir a unha titoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A3 A5 A6 A13 A14 B1 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	<p>Considérase traballos tutelados tanto as prácticas realizadas en clase como o traballo en grupo sobre un tema da materia que deberá ser analizado desde unha perspectiva sociolóxica. O 60% da nota depende das prácticas de clase, asistencia e participación e, o 30%, do traballo grupal obrigatorio.</p> <p>En todos estes traballos valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e a teoría sociolóxica. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso). 	90



Presentación oral	A2 A5 B1 B5 B6 C1 C4 C6 C7	A presentación oral sobre o traballo grupal é obrigatoria. Nela valorarase: -O dominio e comprensión do tema. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade. -O traballo en grupo.	10
-------------------	-------------------------------	--	----

Observacións avaliación

Avaliación continua.

O 60% da nota depende das prácticas de clase, a asistencia e a participación e, o 30%, do traballo grupal obrigatorio. A presentación oral sobre o traballo grupal obrigatoria valerá o restante 10% da nota.

Avaliación non continua. O alumnado que se acolla ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (quenes non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán porse en contacto co profesor ao comezo do curso e terán que asistir a unha titoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (30% da nota), un traballo sobre unha película (30% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (40% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a película) como o exame.

Segunda oportunidade.

Para aprobar a materia en segunda oportunidade será necesario aprobar un exame (de preguntas breves e de desenvolvemento e cunha parte práctica) que valerá o 100% da nota e que terá lugar na data oficial estipulada pola UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Álvarez-Uria, F. (2006). Sociología y educación: textos e intervenciones de los sociólogos clásicos. Madrid: Morata
- Amorós, C. (1991). Hacia una crítica de la razón patriarcal . Madrid: Anthropos
- Bonal, X. (1998). Sociología de la educación : una aproximación crítica las corrientes contemporáneas. Barcelona: Paidós
- Bourdieu, P., y Passeron, J.C. (1969). Los estudiantes y la cultura. Barcelona: Labor
- Chomsky, N. (2014). La (des)educación. Barcelona: Crítica
- Durkheim, E. (1992). Historia de la educación y de las doctrinas pedagógicas: la evolución pedagógica en Francia . Madrid: La Piqueta
- Durkheim, E. (2009). Educación y Sociología. Madrid : Editorial Popular
- Fernández Enguita, M. (2004). La escuela a examen un análisis sociológico para educadores y otras personas interesadas. Madrid: Pirámide
- Guerrero Serón, A. (2011). Enseñanza y sociedad. El conocimiento sociológico de la educación. Madrid: Siglo XXI
- Rodríguez Caamaño, M.J. (Coord.) (2001). Temas de Sociología. Madrid: Huerga y Fierro
- Veblen, T. (2014). Teoría de la clase ociosa. Madrid: Alianza Editorial
- Willis, P. (1988). Aprendiendo a trabajar. Torrejón de Ardoz: Akal

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia da educación/652G03011

Educación multicultural/652G03013

Antropoloxía da educación/652G03029

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Teoría da educación/652G03001

Pedagogía social/652G03006

Avaliación e diagnóstico de necesidades socioeducativas/652G03039

Materias que continúan o temario

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa/652G03020

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías